



**1^a E 2^a PROBAS, XXVI LIGA GALEGA ORIENTACIÓN A PÉ 2017
VI TROFEO DE ARTEIXO – III MEMORIAL PATXI ARUFE**

**INDICACIÓNS ESPECÍFICAS ADICIONAIS DE
SEGURIDADE RELATIVAS A PROBA SPRINT**

1^a.- A proba sprint celébrase en mapa parcialmente urbano, con tráfico aberto (aínda que a súa densidade e moi baixa, haberá persoal habilitado nos accesos de vehículos á zona de competición, coa consigna de lembrar precaución). Este persoal habilitado, debidamente identificado, terá a condición de xuez auxiliar, os efectos disciplinarios pertinentes.

2^a.- Os orientadores deben correr polas beirarrúas, quedando prohibido correr lonxitudinalmente polas zonas asfaltadas (descalificación), salvo inexistencia de beirarrúa.

3^a.- Os orientadores poden pisar as zonas asfaltadas para cruzar rúas, debendo utilizar os pasos de peóns pintados na calzada, que ademáis aparecen sinalados no mapa co símbolo correspondente de cruce («708 Crossing point»).



4^a.- O mesmo símbolo («708 Crossing point») aparece utilizado para habilitar o cruce de rúas (nunca en diagonal), en zonas nas que non hai pintado paso de peóns (coa finalidade de permitir ós orientadores seguir no sentido da súa marcha, sendo esta a idealmente prevista polo trazador).

5^a.- A trama diagonal que aparece debuxada no mapa (tono morado/fucsia), nas rúas asfaltadas, identifica precaución (lembrando tamén a prohibición de tránsito lonxitudinal pola calzada asfaltada, salvo inexistencia de beirarrúa).